

ERNESTO GONZÁLEZ SEOANE NOVO DIRECTOR DO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

«A situación do idioma galego é manifestamente mellorable»

Seoane aposta por buscar fontes alternativas de financiamento

ELISA ÁLVAREZ
SANTIAGO / LA VOZ

A xunta de goberno do Padroado do Instituto de Lingua Galega (ILG) acordou na mañá de onte o nomeamento do catedrático Ernesto González Seoane como novo director deste centro de investigación, cargo que ata o de agora ocupaba a profesora Rosario Álvarez. Aínda sen ser oficial, Seoane (O Barqueiro, 1962), cun traballo de investigador que se orienta ao campo da lexicografía e ao da estandarización da lingua galega, asegura que o momento é delicado no traballo en prol da lingua, pero «hai que encorar o futuro con espírito optimista».

—**É mal momento para asumir a dirección do ILG?**

—Creo que é un momento delicado porque estamos sumidos nunha crise económica bastante aguda, onde todo o mundo sabe que o financiamento da investigación está experimentando uns recortes moi significativos. Como consecuencia supoñemos que a actividade investigadora se pode ver afectada, porque estes recortes afectan moi especificamente á xen-



Ernesto González Seoane (O Barqueiro, 1962) é catedrático de Filoloxía Galega. ALVARO BALLESTEROS

te que investiga no seo das universidades. O financiamento do ILG ten dúas vías, por un lado convenios con institucións, e moi sinaladamente coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, e por outro, como todos os demais grupos de investigación, nótrese de convocatorias competitivas. Todos os grupos observamos que as convocat-

rias son cada vez máis restritivas e se destina un financiamento menor. Hai que buscar fontes alternativas como constituír redes. Estamos tratando de explorar esta vía, a través da colaboración con outros grupos de perfil similar e con outros que poden resultar complementarios para beneficiarnos mutuamente dos nosos coñecementos.

—**¿Cal é a saúde da lingua?**

—Manifestamente mellorable. É moito o que hai que facer, creo que desde a nosa particular posición como centro universitario de investigación debemos contribuír a un mellor coñecemento e a unha potenciación da lingua, pero a situación non é moi... Dígamos que é manifestamente mellorable.

«As institucións en defensa da lingua deben reconducir a súa situación e colaborar»

Horas despois de ser nomeado, Seoane insiste en que os organismos que defenden e potencian a lingua deben colaborar.

—**A Xunta decidiu acatar a sentenza do TSXG, ¿é unha boa nova ou piden derrogar o decreto?**

—O consello científico do ILG non variou a súa posición inicial, e no seu día o instituto avaliou negativamente o decreto, e fixo súa análise da Real Academia. O ILG non volveu a posicionarse polo que non debo formular unha opinión sobre o acatamento da sentenza, que en todo caso sería particular miña, porque non se fixo ningún pronunciamento desde o inicial, que foi crítico co decreto.

—**O secretario da RAG criticaba a intromisión do ILG, ¿volven as augas ao seu cauce?**

—Neste punto debo ser prudente. Pero paréceme importante reiterar unha idea coa que remataba o comunicado que fixo público o ILG, e era apostar pola colaboración das institucións que desde unha ou outra posición, e desde unha ou outra responsabilidade, temos algo que ver coa promoción ou defensa da lingua e da cultura. Creo que habería que facer un esforzo por tratar de reconducir unha situación e apostar pola colaboración, que foi a liña que mantivo o ILG toda a súa historia.

ANÁLISE

O cambio no ILG abre o proceso de relevo nas institucións culturais

LUÍS POUSA

Son tempos de mudanza na cultura galega. Mentres segue vacante a presidencia da Real Academia Galega, a Universidade de Santiago anunciou onte o nomeamento de Ernesto González Seoane como novo director do Instituto da Lingua Galega.

A renovación da dirección no ILG é o primeiro chanzo dun proceso de cambio que xa está actualmente en marcha na Academia, chegará no 2014 ao Consello da Cultura e, en función do que suceda nas eleccións á presidencia da RAG, mesmo podería afectar ao Centro Ramón Piñeiro. Os relevos esténdense así ás catro institucións que, tras as duras denuncias formuladas por Ferrín, están no centro dun intenso debate arredor da súa posible fusión nunha única entida-

de inspirada no Institut d'Estudis Catalans ou no histórico Seminario de Estudos Galegos. A integración é considerada polo sector afín ao expresidente como «unha ameaza para a independencia da Academia», mentres que os críticos cualifican a tese da absorción de «disparatada teoría da conspiración».

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA
Ernesto González Seoane sucede a Rosario Álvarez.

Ernesto González Seoane vén de relevar a Rosario Álvarez Blanco na dirección do Instituto da Lingua Galega. Rosario Álvarez é tamén vicepresidenta do Consello da Cultura Galega e numeraria da Real Academia Galega, e o seu nome figura estes días nas quinielas dunha posible candidatura á presidencia da RAG liderada por Xesús Alonso Montero.



Rosario Álvarez. XOÁN A. SOLER

REAL ACADEMIA GALEGA
O complexo relevo de Méndez Ferrín.

O pasado 13 de marzo o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín presentou ante o plenario da corporación a súa dimisión irrevogable como presidente e mesmo como numerario da RAG. Polo momento o úni-

co académico que anunciou a súa candidatura á presidencia é o catedrático Manuel González. González, que é tesoureiro da Academia desde o 2010 e foi secretario do 2001 ao 2009, irá acompañado na súa lista polos filólogos Francisco Fernández Rei e Xosé Luís Regueira. Na súa proposta de executiva poderían integrarse tamén unha académica e un escritor. A alternativa é a xa mencionada candidatura de Alonso Montero, aínda pendente de que o escritor acepte liderar a proposta do considerado sector crítico coa xestión de Ferrín, grupo que cre que o proxecto do tesoureiro en funcións é «demasiado continuista».

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
O segundo mandato de Villares remata no 2014. Dentro dun ano, en abril do 2014, rematará

o segundo mandato do catedrático de Historia da Universidade de Santiago Ramón Villares á fronte do Consello da Cultura Galega. Despois de oito anos como presidente da institución e, segundo o regulamento aprobado no 2008, Villares xa non pode optar á reelección no cargo, o que dará paso a un novo proceso de relevo.

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
Pendente das eleccións na Academia Galega.

Se o catedrático Manuel González fose finalmente elixido presidente da Academia Galega, dáse por feito que deixaría o seu actual cargo de coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para centrarse na existente xestión do número 11 da coruñesa rúa Tabernas.